

# **PARTICIPACIÓN NAS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

**A DATA LÍMITE para solicitala: o 19 de xuño.**

A contía das **axudas dos libros** segundo a **renda do ano 2018** son:

- Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 210 €
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: 140 €
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade  $\geq 65\%$  : 210 €

A **axuda de material** (50 €) será para as familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€ e para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade  $\geq 65\%$ .

A renda per cápita calcúlase sumando as casillas (da declaración da renda do 2018) 435 + 460 e dividindo entre o número de membros da familia. Se hai dúas declaracións (pai e nai por exemplo) tedes que sumar o resultado das dúas.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2018.

## **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

- **Solicitud** debidamente cumprimentada e asinada.  
Anexo I e Anexo II.
- **Fotocopia libro de familia**. No centro dispoñemos dunha, pero se houbo algún cambio deberás traer unha fotocopia do libro de familia actualizada.

No caso de que a situación familiar, en día 31 de decembro de 2018 non coincide coa reflectida no libro de familia, terá que presentar:

- Sentenza xudicial de separación/divorcio ou convenio regulador da custodia.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores.

## **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

A solicitude presentarase preferiblemente por vía electrónica, ou no centro en horario de 11 a 12:00 h.

**Presentación vía electrónica:** Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

A través do enderezo <https://sede.xunta.gal>

**Presentación no centro:** A ser posible, a solicitude traerase impresa e cuberta da casa, xunto coa documentación solicitada.

Pode descargarse en <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>